




Área / Unidad EDUCACION ED0000 S.V.B	Documento 23616I02J4	
Código de verificación  4S1W 2U50 5O3H 0D16 1C5S	Expediente 236/2022/260	
	Fecha 11-11-2022	

Asunto

BASES ESPECÍFICAS PARA O DESENVOLVEMENTO DA CONVOCATORIA PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS DO PROGRAMA MUNICIPAL DE BOLSAS CANADÁ 2023-2024 DIRIXIDAS AO ALUMNADO DE 1º DE BACHARELATO DOS CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO DA CORUÑA.

1. OBXECTO

O Concello da Coruña, por medio da Concellaría de Educación, Memoria histórica, Innovación, Industria e Emprego convoca o programa "A CORUÑA NO MUNDO: BOLSAS CANADÁ 2023-2024-1º DE BACHARELATO EN CANADÁ", no que se ofrece a oportunidade ao alumnado de 4º da ESO, residente na cidade da Coruña, de cursar o grao 11 en CANADÁ —equivalente a 1º de Bacharelato— así como de adquirir un dominio avanzado da lingua inglesa e un coñecemento real doutra cultura.

Estas bases están condicionadas, en todo caso, tanto no número de prazas ofertadas como no seu desenvolvemento, a adxudicación do contrato de “xestión do programa educativo BOLSAS CANADÁ” actualmente en licitación.

2. DESCRICIÓN

A estadia en CANADÁ comeza en agosto de 2023 e finaliza en xuño de 2024, incluídas as vacacións escolares de Nadal e Semana Santa. As datas de saída e regreso varían en función da provincia ou territorio de destino.

O programa oferta un mínimo de 27 bolsas e un máximo de 35, a determinar en función da oferta do adxudicatario do contrato.

A xestión dos servizos que compoñen este programa realízaos o Concello, mediante contrato de prestación de servizos.

O programa inclúe:

- Estadía en Canadá durante o periodo correspondente a un ano académico neste país, vivindo cunha familia canadense.
- Escolarización nun centro educativo canadense (*High School*), en réxime de libre elección das materias ofertadas que mellor se correspondan co nivel de 1º de Bacharelato do sistema educativo español, dentro do marco normativo establecido polo Ministerio de Educación e Formación Profesional e a Consellaría de Cultura, Educación e Universidade, para a validación destes estudos.
- Organización de xornada informativa para o alumnado participante no programa onde se informe sobre a experiencia e se explique o proceso de elaboración do dossier a enviar a Canadá, así como unha xornada para explicar como é o proceso de convalidación de estudos.
- Tramitación e obtención do visado de entrada en Canadá, así como de realización das probas biométricas en Madrid, incluíndo a viaxe e a estancia para tal fin, no caso de se precisar.



- e) Viaxe e desprazamentos de ida e volta dende A Coruña até a poboación de destino en Canadá para cada participante.
- f) Seguemento e control da vida dos menores na familia de acollida, do seu comportamento e rendemento académico no centro, así como da súa vida social.
- g) Validación dos estudos realizados polo alumnado en Canadá ante a Administración Educativa.
- h) Asistencia sanitaria e seguro de responsabilidade civil.
- i) “Cartos de peto” para os gastos persoais do alumnado, por un importe mínimo de 50 € mensuais, durante os meses de estadía en Canadá.

3. PUBLICIDADE E TRANSPARENCIA

A selección do alumnado participante realizarase por parte do Concello en réxime de concorrencia competitiva. Esta selección efectúase de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade e non discriminación, aplicando os criterios de valoración fixados nestas bases.

O procedemento para a selección do alumnado iniciárase de oficio, mediante a correspondente convocatoria aprobada polo órgano competente do Concello que se publicará no:

- ✓ Portal de educación do Concello da Coruña
(<https://www.coruna.gal/educacion>)
- ✓ Taboleiro de anuncios e edictos dispoñible na sede electrónica do Concello da Coruña
(<https://sede.coruna.gal/opensiac/action/infopublica?method=enter&edictos=true>)
- ✓ Portal do Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas
(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/index>)
- ✓ Boletín Oficial da Provincia da Coruña
(<https://bop.dicoruna.es/bopportal/>).

O Servizo Municipal de Educación (en adiante, SME) realizará as comunicacións aos participantes a través da paxina web municipal (<https://www.coruna.gal/educacion>), sendo responsabilidade destes a consulta da mesma para obter a información relativa a: listaxes, prazos, convocatorias de xuntanzas e outras cuestións relacionadas co programa.

4. CONTÍA

O crédito total consignado para esta convocatoria é de 650.000€. O coste praza será o resultado de dividir o total do crédito destinado ao programa entre o total de prazas ofertadas pola empresa adjudicataria do contrato de xestión do programa (mínimo 27 e máximo 35 prazas).

A participación no programa de BOLSAS CANADÁ non implica a total gratuidade para o alumnado beneficiario, polo que as familias en función da súa renda *per cápita*, achegarán as cantidades que lles correspondan segundo as contías e porcentaxes sinalados na táboa recollida neste apartado, establecendo dous tipos de bolsa:

- a) Bolsa total. Serán beneficiarias de bolsa total as persoas seleccionadas que non superen os 9000,00 € anuais de renda per cápita.
- b) Bolsa parcial. O Concello asumirá un máximo do 95% e un mínimo do 5% do custo total das prazas do alumnado seleccionado que supere os 9000,00 € anuais per cápita. As familias do alumnado beneficiario de bolsa parcial asumirán un mínimo do 5% e un máximo dun 95% do prezo da praza. As porcentaxes que corresponde aboar ás familias variarán en función da renda per cápita e son as que se indican no seguinte cadro:



<i>Renda per cápita anual</i>	<i>Achega das familias</i>
9 000,01 € – 10 000,00 €	5 %
10 000,01 € – 11 000,00 €	10 %
11 000,01 € – 12 000,00 €	20 %
12 000,01 € – 13 000,00 €	30 %
13 000,01 € – 14 000,00 €	40 %
14 000,01 € – 15 000,00 €	50 %
15 000,01 € – 16 000,00 €	60 %
16 000,01 € – 17 000,00 €	70 %
17 000,01 € – 18 000,00 €	80 %
18 000,01 € – 19 000,00 €	90 %
> 19 000,00 €	95 %

O cálculo da renda efectuarase consonte se establece nas presentes bases.

5. REQUISITOS

Poderá ser adxudicatario da bolsa o alumnado empadroado no Concello da Coruña e escolarizado nun centro educativo da cidade, que cumpra o seguintes requisitos:

- 5.1. Residir e estar empadroado co seu pai, nai ou representante legal, no seu caso, no momento da solicitude.
- 5.2. Estar matriculado e cursando 4º de ESO no curso 2022-2023 nun centro da cidade da Coruña.
- 5.3. Contar no curso de 3º da ESO cunha cualificación media de 6,5 puntos ou máis e non ter ningunha materia suspensa no curso 2021-22.
- 5.4. Contar no curso de 3º da ESO cunha cualificación de 7 puntos ou máis na materia de lingua estranxeira (inglés) no curso 2021-22.

6. CRITERIOS DE BAREMACION DAS SOLICITUDES

A baremación das solicitudes realizarase sobre a base da documentación facilitada polas persoas solicitantes e da engadida ao expediente a resultados da consulta de datos entre administracións. O concello resérvase a potestade de requirir calquera outra documentación que estime precisa para o resultado do proceso.

Os **criterios de baremación aplicables** serán os seguintes:

- 6.1. Cualificación media obtida en 3º da ESO, até un máximo de 5 puntos. Estes puntos asignaranse do seguinte xeito:

<i>Nota media</i>	<i>Puntuación</i>
10	5,00
De 9,50 a 9,99	4,50
De 9,00 a 9,49	4,00



De 8,50 a 8,99	3,00
De 8,00 a 8,49	2,00
De 7,50 a 7,99	1,00
De 7,00 a 7,49	0,50

6.2. Cualificación final da materia de lingua estranxeira (inglés) en 3º da ESO, até un máximo de 5 puntos. Estes puntos asignaranse do seguinte xeito:

<i>Nota media</i>	<i>Puntuación</i>
10,00	5,00
9,00	4,00
8,00	2,00

6.3. Persoa con discapacidade. Nos casos en que se acredite a existencia de situación de discapacidade da persoa solicitante da bolsa nun grado igual ou superior ao 33%, outorgaráselle 2 puntos na baremación.

6.4. Violencia no ámbito familiar. Nos casos en que se acredite a existencia de situación de violencia de xénero na unidade de convivencia non se terán en conta os ingresos da persoa agresora á hora de determinar a renda per cápita.

Esta última condición acreditarase presentando a documentación indicada no art. 5 da Lei 11/2017, do 27 de xullo, galega para a prevención e o Tratamento Integral da Violencia de Xénero.

6.5. Ingresos económicos da unidade de convivencia até un máximo de 10 puntos. A puntuación correspondente asignarase do seguinte xeito:

<i>Renda per cápita anual</i>	<i>Puntuación</i>	<i>Renda per cápita anual</i>	<i>Puntuación</i>
< 2 000,00 €	10,00	5 500,01 € - 6 000,00 €	6,00
2 000,01 € - 2 500,00 €	9,50	6 000,01 € - 6 500,00 €	5,50
2 500,01 € - 3 000,00 €	9,00	6 500,01 € - 7 000,00 €	5,00
3 000,01 € - 3 500,00 €	8,50	7 000,01 € - 8 000,00 €	4,00
3 500,01 € - 4 000,00 €	8,00	8 000,01 € - 9 000,00 €	3,00
4 000,01 € - 4 500,00 €	7,50	9 000,01 € - 11 000,00 €	2,00
4 500,01 € - 5 000,00 €	7,00	11 000,01 € - 15 000,00 €	1,00
5 000,01 € - 5 500,00 €	6,50	>15 000,00 €	0,00

Os datos que se tomarán de referencia para a baremación destes criterios no relativo ao cálculo da renda per cápita, a puntuación da discapacidade e á valoración das situacións de violencia de xénero serán os existentes a 31 de decembro de 2021.

Unha vez baremados os expedientes serán seleccionadas as persoas solicitantes que obteñan maior puntuación coa suma das obtidas nos distintos apartados do baremo, ata cubrir o total de prazas ofertadas pola empresa adxudataria do contrato de "xestión do programa educativo BOLSAS CANADÁ".



A comisión de valoración dirimirá os posibles empates nas puntuacións finais aplicando os criterios indicados a continuación - segundo a prioridade establecida -, para así poder ordenar de forma descendente os expedientes coa mesma puntuación final.

- 1º Menor renda per cápita da unidade de convivencia
- 2º Cualificación media en 3º da ESO
- 3º Cualificación final de inglés en 3º da ESO
- 4º Situación de discapacidade

7. CÁLCULO DA RENDA

A renda familiar obtense por agregación das rendas de cada un dos membros computábeis da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, calculadas segundo se indica nos apartados seguintes e de conformidade coa normativa reguladora do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF) para o ano 2021.

Para a determinación da renda dos membros computábeis que presentasen declaración polo IRPF, tomarase como referencia o exercicio 2021 e procederase do seguinte xeito:

7.1. Sumarase a base imponible xeral (casa 435) coa base imponible do aforro (casa 460) e restarase a cota resultante da auto liquidación (casa 595).

7.2. No suposto en que existan membros da unidade de convivencia que non fixeron a declaración da renda, por non estar obrigados, teranse en conta os datos económicos que figuren na Axencia Tributaria para sumalos á renda familiar.

7.3. No caso de se ter establecida pensión de alimentos en favor de fillos e/ou fillas integrantes da unidade de convivencia, a contía efectivamente percibida da mesma no ano 2021 incluírase no cómputo da renda familiar.

7.4. A renda familiar determinarase segundo os números anteriores e dividirase entre o número de integrantes da unidade de convivencia.

7.5. Membros computables da unidade de convivencia

- a) A persoa solicitante da bolsa, o pai, nai ou representante legal e os irmáns solteiros menores de 25 anos, ou os de maior idade, cando se trate de persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial.
- b) No caso de divorcio ou separación legal dos pais non se considerará membro computable aquel que non conviva co solicitante da bolsa.
- c) Cando o réxime de custodia dos fillos sexa o de custodia compartida, consideraranse membros computables o pai e a nai do solicitante da bolsa e os seus fillos comúns.

Os datos que se tomarán de referencia para a baremación das solicitudes que se atopen nas circunstancias establecidas nos apartados b) e c) anteriores, serán os indicados polos proxenitores na declaración da renda de 2021.

No caso de que exista discrepancia entre a documentación da que se dispoña para a determinación do número de integrantes da unidade familiar o SME poderá solicitar, se o considera oportuno, as aclaracións ou documentación adicional a efectos de determinar o número de membros que corresponda asignar.

A falta ou defecto de acreditación das circunstancias económicas familiares non implicará a exclusión do proceso, pero se asignarán 0 puntos neste apartado.



PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO

8. INSCRICIÓN

O prazo de presentación das solicitudes e documentación complementaria correspondente será do 9 ao 20 de xaneiro de 2023.

As persoas solicitantes deberán seguir os seguintes pasos para inscribirse no programa:

1º Facer a inscrición en liña na web municipal <https://www.coruna.gal/educacion> a través da ficha específica do programa. Unha vez feita a inscrición o sistema elabora un xustificante de confirmación que se envía ao correo electrónico facilitado na solicitude e que debe de achegar co resto de documentación a presentar no Concello para formalizar a solicitude. **Este xustificante ten un número de asignación (ID) que será o de referencia de cada expediente no proceso.**

2º Presentar por rexistro a documentación complementaria do expediente (ver apartado 9 das bases) e o xustificante de confirmación da inscrición en liña (documento do apartado anterior) debidamente asinado pola persoa solicitante e os seus tutores legais.

O nome da persoa que debe de aparecer como interesada na solicitude presentada por rexistro debe de ser o da menor que solicita a bolsa.

O impreso municipal para a presentación da solicitude por rexistro é o Mod 001 solicitude xeral

https://sede.coruna.gal/descarga/1150716275584/mod001_Solicitud_general_campos.pdf .

Os rexistros municipais facilitan copia dos mesmos e está dispoñible na sede electrónica.

A presentación da documentación pode facerse:

- Nos rexistros municipais (María Pita, Franxa, Fórum metropolitano, Agora e centro cívico de Mesoiro) solicitando cita previa (<https://sede.coruna.gal/sede/es/tramites-y-servicios-electronicos/cita-previa>)
- No rexistro telemático da sede electrónica municipal (<https://sede.coruna.gal/sede/es/tramites-y-servicios-electronicos/registro-electronico>)
- En calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2012, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

9. DOCUMENTACIÓN REQUERIDA

A documentación que se relaciona a continuación ten que presentarse por rexistro, dentro do prazo sinalado no punto anterior e acompañado do impreso municipal de presentación de solicitudes por rexistro:

9.1. Fotocopia do DOI (carné de identidade, pasaporte...) do solicitante e dos proxenitores ou representantes legais, no seu caso.

9.2. As persoas que resulten seleccionadas como bolseiras deberán dispor de pasaporte español no momento da tramitación do visado.

9.3. Resgardo da ficha de solicitude que se cubriu en liña (trátase do documento en PDF enviado ao correo electrónico unha vez feita a inscrición) e no que se acepta a participación no programa e as bases que o regulan. Este documento debe de estar asinado pola persoa solicitante e os proxenitores ou representantes legais do menor, no seu caso.

9.4. Certificado académico das cualificacións correspondentes a 3º da ESO do curso académico 2021-22.



9.5. Certificado de matrícula do curso 2022-23, onde conste nome da persoa solicitante, datos do centro e curso no que estea matriculada.

9.6. Se for o caso, certificado expedido pola Xunta de Galicia ou organismo oficial competente na materia, acreditativo do grao de minusvalía da persoa solicitante da bolsa

9.7. Se for o caso, documentación acreditativa da existencia de casos de violencia de xénero na unidade de convivencia, de conformidade co artigo 5 da Lei 11/2007, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero.

9.8. No caso de non se autorizar na solicitude en liña a consulta de datos tributarios, deberán achegar as certificacións expedidas pola Axencia Estatal de Administración Tributaria (en diante, AEAT) das declaracións de IRPF individuais de ambos proxenitores ou conxunta, correspondentes ao exercicio 2021, emitidas e datadas no mes de xullo, ou posterior, de 2022.

9.9. As persoas que forman parte de unidades familiares non obrigadas a declarar ou das que as administracións tributarias non dispoñen de datos, deberán entregar unha certificación expedida pola AEAT acreditativa desta situación.

9.10. No suposto de familias monoparentais, achegarase acreditación documental das circunstancias familiares, tales como: título de familia monoparental, sentenza de divorcio e convenio regulador onde conste o relativo á custodia do/da menor, certificado de defunción (no caso de viuvez) e libro de familia ou documento análogo que acredite o estado civil dos membros da unidade de convivencia.

9.11. Aos efectos das presentes bases, enténdese por familia monoparental ao núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou fillas ao seu cargo, nos seguintes supostos:

- a) Os homes ou as mulleres que afrontan a paternidade ou a maternidade en solitario.
- b) As familias formadas por unha ou un cónxuxe viúvo e os fillos e fillas.
- c) As familias formadas por un pai ou nai que queda a cargo das fillas e fillos sen que haxa custodia compartida.

9.12. Cando se teña acordada pensión de alimentos, ou exista dereito a ela, deberá achegarse a resolución xudicial máis recente que a estableza.

9.13. No caso de que exista incumprimento total ou parcial do abono da pensión deberá xuntarse copia da admisión a trámite da demanda de execución ou da denuncia presentada.

9.14. Nos casos en que, existindo dereito a solicitar pensión de alimentos, non se acredite a súa solicitude ou a contía da mesma, non se obterán puntos no apartado de ingresos económicos familiares.

Non serán tidos en conta nin valorados os requisitos alegados e non xustificados documental e correctamente tal como se indica, nin os que se aleguen fóra do prazo establecido para esta convocatoria, nin os que conteñan emendas. O SME poderá requirir das persoas solicitantes, en calquera intre, aclaración da documentación presentada. A falta de xustificación das circunstancias que permitan determinar a renda per cápita que corresponda motivará a non asignación de puntuación no apartado de ingresos económicos.



10. TRAMITACION E REPARACIÓN DE ERROS

A instrución do procedemento de adxudicación das prazas convocadas corresponde ao SME, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixidos e a documentación acreditativa destes.

Unha vez revisada a documentación presentada publicarase unha listaxe de persoas admitidas e non admitidas (indicándose a causa que motiva esta circunstancia). Fronte a esta listaxe abrirase un prazo de 10 días hábiles a partires da publicación no portal de educación do Concello da Coruña e no taboleiro de anuncios e edictos municipal dispoñible na sede electrónica do Concello da Coruña para que se emende a falta ou acheguen os documentos requiridos. De non facelo, entenderase que desistiu da súa petición.

<https://www.coruna.gal/educacion>

<https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/infopublica?method=enter&edictos=true>.

11. COMISIÓN DE VALORACIÓN

A comisión de valoración estará presidida pola xefatura de departamento do SME, unha técnica de educación como vogal e exercerá como secretaria unha funcionaria do SME.

Este órgano colexiado avaliará as solicitudes de conformidade cos criterios que se determinan nesta convocatoria, e inicialmente emitirá unha proposta de resolución provisional na que se concretará o resultado da avaliación, debidamente motivada, con indicacións das solicitudes admitidas ás que se lles propón a concesión da praza, seguidas das solicitudes que inda cumprindo os requisitos esixidos non obteñan a praza por insuficiencia de puntuación, as cales pasarán a engrosar o “listado de agarda”, finalizando coas solicitudes desestimadas e excluídas con expresión da súa causa. Esta proposta de resolución provisional non crea dereito algún a favor da persoa beneficiaria da praza.

Esta Comisión resolverá calquera incidencia e/ou dúbida interpretativa que poida xurdir na aplicación das bases da presente convocatoria.

Fronte ás listas provisionais abrirase un prazo de 10 días, para que, no caso que corresponda, se poidan realizar alegacións ao respecto das puntuacións asignadas, sobre a base da documentación que obre no expediente. De non facelo así, teráselle por desistido da súa petición.

A comisión de valoración examinará as alegacións presentadas e emitirá informe motivado.

12. CONCESIÓN E RESOLUCIÓN DAS PRAZAS

A proposta de resolución definitiva recollerá, se procede, as alegacións presentadas. Non se realizarán comunicacións individuais fronte ás mesmas. A proposta emitirse pola Xefatura de Servizo de Educación e incluírá as seguintes relacións definitivas:

- d) Alumnado seleccionado (tantos como prazas se oferten no programa), sinalando ás persoas que se lles concedese unha bolsa total e a porcentaxe do custe da praza que lles corresponda aboar ás restantes persoas seleccionadas.
- e) Alumnado que, cumprindo os requisitos, non acada o número de orde que lles permita participar no programa por exceder do número de prazas. Este alumnado constituirá a listaxe de agarda.
- f) Alumnado que non cumpre os requisitos para participar no programa, con expresión sucinta da causa da súa exclusión.

A proposta de resolución definitiva elevarase ao órgano competente que resolverá de forma motivada. A firmeza desta proposta quedará condicionada a que:



- Estea formalizado un contrato coa empresa xestora que garante a viabilidade do programa, e a
- Evolución da pandemia, tanto no país de residencia como no país de recepción, no caso de que existan restricións ou esixencia de requisitos que impidan o desenvolvemento do programa o aconsellen, por motivos de saúde pública e de protección dos menores, a súa suspensión.

13. ACEPTACIÓNS E RENUNCIAS

Unha vez publicada a resolución definitiva, as persoas seleccionadas disporán dun prazo de 5 días hábiles para a súa aceptación, que deberá ser comunicada por escrito ao SME a través dos rexistros municipais ou en calquera das dependencias a que se refire o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Transcorrido o dito prazo, sen que se produza tal comunicación, entenderase que renuncia a súa participación no programa. De se presentar a comunicación por medio dalgún rexistro non municipal deberase remitir copia escaneada da mesma (co selo de rexistro de entrada) por correo electrónico á seguinte dirección do SME (educacion@coruna.gal) dentro do prazo de aceptación.

As persoas participantes, incluídas na listaxe de agarda, substituirán, por orde de puntuación, ás seleccionadas que renuncien á súa participación no programa ou que non poidan participar nel.

14. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

O alumnado seleccionado está obrigado a:

- Participar en cantas viaxes e reunións sexan convocadas, así como
- Facer efectivo, no seu caso, a porcentaxe que lle corresponda aboar do custo da súa participación no programa. Esta cantidade indícase, xunto coa baremación do expediente, na relación definitiva de persoas seleccionadas, que serán publicados na web educativa municipal (<https://www.coruna.gal/educacion>).

O abono faráselle á empresa adxudicataria do contrato no momento en que se acepte a praza concedida polo Concello.

O incumprimento destas obrigas implicará a exclusión do programa, logo de resolución motivada do órgano competente.

15. BAIXA DO PROGRAMA

O alumnado seleccionado que desexe causar baixa no programa deberá presentar no prazo que indique o SME un escrito de renuncia. A devolución da cota, no seu caso, realizarase unicamente cando existan razóns xustificadas e sobrevidas (enfermidade, accidente...) posteriores ao abono. En ningún caso se considerará causa xustificada a obtención dunha bolsa de estudos ofertada por outra Administración ou entidade.

O Concello poderá acordar a baixa do participante, por incumprimento das obrigas establecidas nestas bases, entre elas:

- a) O non pagamento do custo fixado nos prazos establecidos polo SME.
- b) A falsidade da documentación ou condicións requiridas para a concesión da participación no programa ou a ocultación daquelas que tivesen impedido esta concesión, sen prexuízo das responsabilidades legais nas que se puideran incurrir.
- c) A incompatibilidade ou inadaptación para permanecer no programa.
- d) A falta de comunicación de calquera circunstancia que perturbe a estancia do alumnado en Canadá.
- e) A falta de asistencia ás actividades escolares obrigatorias no centro canadiense.



- f) Todas as obrigas establecidas no programa canadense en relación á incorporación de alumnado estranxeiro nos centros educativos do país.

As baixas no programa acordaranse por resolución do órgano municipal competente e notificaranse á persoa interesada de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e poderán incluír a obriga de reintegro dos gastos ocasionados no programa pola persoa participante.

No caso de que a persoa participante decidise, pola súa libre iniciativa, abandonar o programa antes da súa finalización, o custe íntegro da viaxe de regreso será responsabilidade da súa familia. Porén, a contratista deberá prestarlle o apoio necesario para garantir a súa seguridade durante esta viaxe.

16. COMPETENCIA PARA APROBACIÓN DAS BASES

A aprobación destas bases é unha atribución da Xunta de Goberno Local en virtude do disposto no artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

17. CONDICIÓN DA PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA

A concesión definitiva da bolsa quedará condicionada:

- a) Á adxudicación e formalización do contrato de xestión do programa cunha empresa especializada.
- b) Ás posibles restricións ou esixencia de requisitos que impidan o desenvolvemento do programa ou aconsellen, por motivos de saúde pública e de protección dos menores, a súa suspensión.
- c) Ao cumprimento dos requisitos esixidos polas autoridades canadenses para participar no programa de intercambio (referidos a: estado de saúde, nivel de inglés, pasaporte...) da persoa seleccionada, así como á concesión do visado correspondente.
- d) Á existencia dun fogar de acollida e un centro educativo que permita a inclusión en igualdade de condicións que o resto dos participantes, do alumnado con diversidade funcional solicitante da bolsa.

O concello resérvase o dereito a non resolver o procedemento establecido nestas bases se no seu proceso se dan algunhas das condicións sinaladas que impidan o seu desenvolvemento.

A adquisición de dereitos polo beneficiario da bolsa queda, polo tanto, condicionada polo sinalado nos parágrafos anteriores sen que de lugar, no caso de que se dea algunha destas circunstancias, a indemnización de ningún tipo por parte do concello.

A presentación da solicitudes implica a aceptación das bases da convocatoria e das condicións establecidas polo concello e polas autoridades canadenses para a participación neste programa de intercambio.

18. PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos persoais facilitados neste formulario, indispensables para a xestión da convocatoria, incorporaranse a un ficheiro para os exclusivos efectos de xestionar adecuadamente o “Programa municipal de BOLSAS Canadá, curso 2023-2024”.

O Concello da Coruña ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da normativa europea sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.



A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no programa e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello da Coruña no ámbito da educación, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do programa, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos serán obxecto de cesión á empresa adxudicataria da xestión do programa municipal de BOLSAS CANADÁ, que asume expresamente as responsabilidades que como encargada do tratamento deses datos lle corresponden. Poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade.

19. RECURSOS

Fronte a esta convocatoria e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución cabe interpoñer, no prazo dun mes, desde o día seguinte a súa publicación ou notificación, recurso potestativo de reposición perante o órgano que as ditou, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses.